



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENRE A CÁMARA DE COMERCIO DE A CORUÑA, CAMERFIRMA E A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE LA CORUÑA

O pasado 28 de novembro de 2005 asinouse un convenio de colaboración entre estas tres entidades a través do que pretenden impulsar o uso xeneralizado da **certificación dixital** entre as empresas, favorecendo a súa plena incorporación na Sociedade da Información..

A través deste, ata o 31 de decembro de 2006, facilitaránselles gratuitamente ás empresas certificados Camerfirma.

O Convenio ten os seguintes **obxectivos**:

- **Fomentar o uso de certificados dixitais** á Confederación, ao persoal e ás empresas pertencentes que estean no ámbito territorial da Cámara.
- **Colaborar na difusión da firma dixital** a través de programas de formación, información e organizando e desenvolvendo actividades dirixidas a fomentar a difusión da Certificación Dixital.
- **Formar no uso da firma dixital** impulsando a realización de programas específicos e seminarios personalizados que proporcionen unha formación adecuada para a implantación da Certificación Dixital.
- **Integrar a firma dixital nas aplicacións da CEC** de xeito que se xeneralice o seu uso en beneficio da CEC e dos seus membros.

**Camerfirma** é a autoridade de certificación dixital e firma electrónica das Cámaras de Comercio especializada na identificación de empresas e que garanta as transaccións na rede sen riscos.

A través de Camerfirma comercializaranse tres tipos de certificados: o certificado de pertenza á empresa, o certificado de representante e o certificado de persoa xurídica.

Entre as súas aplicacións destacan: a facturación electrónica, a plataforma de firma de actas, a firma de escritorio, o servizo de selado de tempo, a plataforma de notificación e custodia de documentos electrónicos.

Ademais, as empresas da provincia da Coruña poden solicitar, xestionar e cancelar avais en liña a través da SGR (Sociedade de Garantía Recíproca) de ámbito territorial e participar no Proxecto Chambersing que integra as Cámaras de Comercio de nove países europeos e homologa os certificados dixitais que estas emiten.

As empresas interesadas en obter o certificado poderán facelo a través de:

- O enlace ao Proxecto do Censo Dixital-Feder na páxina web de Camefirma:  
[www.camerfirma.com/certificadosfeder](http://www.camerfirma.com/certificadosfeder)
- O enlace á páxina da Cámara de Comercio:  
[www.camaracoruna.com/contenido/pags/SolicitudCertificado.htm](http://www.camaracoruna.com/contenido/pags/SolicitudCertificado.htm)